

ROMANO, VICENTE (1987): [na presentación de] *Los intelectuales en la sociedad de la información*, VV. AA., Barcelona, Anthropos, Editorial del Hombre.

SCHUMACHER, ERNEST FRIEDICH (1976): *Lo pequeño es hermoso*. Madrid, H. Blume Ediciones.

TREJO, RAÚL (1997): *Volver a los medios / De la ética a la crítica*. México D.F., Ediciones Cal y Arena.

ZALLO, RAMÓN (1988): *Economía de la comunicación y cultura*. Madrid, Akal / Comunicación.

CULTURA E COMUNICACIÓN: PERSPECTIVA EUROPEA

Antonio Sánchez-Bravo

1. Propósito

“Non hai que desposuí-la existencia do seu carácter múltiple. Que só sexa verdade unha interpretación do mundo na que vós esteadeis no scerto, na que se poidan facer investigacións científicas (¿queredes dicir, no fondo, mecánicas?) e continuar traballando segundo os vosos métodos; unha interpretación que se admita, que se conte, que se pese, que se mire, que se toque, e nada máis, esta é unha impertinencia e unha inxenuidade, admitindo que non sexa demencia ou idiotez..., podería ser unha das interpretacións de sentido más pobres.

Despois de Aristóteles, ningúen avanzou tanto na interpretación do mundo -diagnóstico-pronóstico, proximidade-distancia- como Nietzsche. Verdadeiro precursor da modernidade-posmodernidade (termo este último, alomenos impreciso e vulgar), define nesta frase da súa ciencia hermenéutica, “vontade de vivir-vontade de poder”, as carencias da sociedade actual cando a definimos como sociedade da información. Unha sociedade cuantitativa, homoxénea, dominadora do de sempre: da economía mundial. Ó promove-lo gusto polo orixinal, polo diferente, por unha arqueoloxía creativa, mostra o camiño de toda teoloxía proxectiva-innovadora. Abonda con dicir, resumindo este arranque, que os factores cualitativos do desenvolvemento provocarán no tránsito, xa pedido, da sociedade da información á sociedade do coñecemento e, sobre todo, á sociedade da aprendizaxe. As nosas raíces europeas: humanismo-renacemento permiten e animan esta interpretación, más aló das revolucións iluminadas que desembocan no berro de “LIBERDADE PARA A CULTURA”. Dende esta perspectiva hermenéutica diríamos, más ben, para comezar: “CULTURA PARA A LIBERDADE”.

É claro e evidente que se Europa chega, algúñ díá, a construír dende os seus alicerces orixinais, non será só sobre unha base puramente cuantitativa, exclusivamente económica e tecnolóxica ou técnica. Preguntámonos entón, con Alain Touraine se realmente existe unha cultura europea. Pregunta cativa, porque imos describi-la Europa da diversidade cultural e a Europa do espacio común informativo que é o plurallismo. Amsterdam 97 non resolveu o futuro da Unión Europea porque non promoveu o cambio de estructuras burocráticas e con isto a reforma institucional, especialmente do Parlamento Europeo. E porque non deter-

minou claramente os criterios de ingreso de novos países na Unión. Pero deu un paso interesante, alomenos, na definición do espacio común europeo da información e da comunicación, na procura da sociedade do coñecemento e da aprendizaxe: saber e saber facer -comunitarizou unha norma elemental: o pluralismo informativo a partir da diversidade cultural-. Novo artigo 128.4 e protocolo adicional. Comunitarizar: facer común un espacio ata o de agora nacional, supera-la dirección de Tomás de Aquino, o seu inventor, a interpretación (perversa en moitos casos ou na meirande parte deles funesta) do principio básico da subsidiariedade. A cultura europea é diversa e a súa transmisión-información é plural. Unha das conclusíons da Carta para a Reforma do Sistema Educativo (UNESCO) propón: comprender, interpretar, preservar, reforzar, fomentar e difundir las culturas nacionais e rexionais, internacionais e históricas, nun contexto de pluralismo cultural para contribuír á consolidación da integración rexional, o entendemento internacional, o diálogo intercultural, a mobiliadade internacional e a construcción dunha cultura da paz.

A Europa Clásica inventou a democracia como participación cidadá nunha tarefa política común. Política con maiúsculas, concibindo a cultura como transmisión: os atenienses ían ó teatro para oíren un bo discurso -metafórico e plural-. E Europa redescubriu no Renacemento un tipo de cooperación cidadá máis aló da dialéctica amo-servo, que culmina no señor das tecnoloxías acuñadas por piratas de todo tipo e condición. O home como centro devolve á técnica o seu valor de mediación e de instrumento. Nunha perspectiva pragmática, recupérase neste texto de memoria, a obra orixinal e non de todo -nin ben- interpretada de Frei Bartolomé de las Casas, simbolizada quizabes na experiencia inédita das reduccións do Paraguai. Se a Europa dos mercadores ten que dar paso á Europa dos cidadáns, debemos recupera-la nosa memoria histórica, o percorrido teórico-aplicado, que minimicei e simbolicei en aspectos da obra de Aristóteles, Nietzsche e Frei Bartolomé de las Casas.

A Unión Europea precisa hoxe referentes exteriores para remata-lo seu propio camiño, cheo de dúbidas e avances-retrocesos, nunha dialéctica que se iniciou, alá polos anos 50, con paso firme e conviccións aseguradas: supera-las guerras mediante a reconciliación e a posta en común das técnicas e das enerxías que propiciaban os conflictos: naquel momento do carbón, do aceiro e do átomo. Esa comunitarización supranacional mostrou a eficacia dun proxecto democrático e plural nacido a partir do ideal humanista académico de atreverse a pensar.

O equilibrio mundial ten que basearse na credibilidade ideolóxica e no comportamento ético. Os modelo clásicos europeos -a súa identidade deben contribuír a mante-lo equilibrio internacional, dende perspectivas cualitativas (diversidade cultural, pluralismo informativo) e non puramente monetaristas. A Europa Unida non pode ser la Europa dos mercadores, hoxe a Europa dos info-ricos: manipulación, concentración, globalización. Europa non pode asociarse á idea global, mecánica e insolidaria, fronte ó desenvolvemento do individuo, da súa liberdade e da súa capacidade diferenciadora. O seu proxecto democrático consiste en manter un proxecto plural e transparente, solidario, ético e solidamente construído, na súa forma e no seu contido. Nada mellor que rematar esta idea cun referente externo a esta acción europea: Latinoamérica.

2. Oferta europea: identidade e pluralismo cultural

Apuntouse a existencia doutros modelos de sociedade, a sociedade da información por exemplo da todopoderosa internet, a sociedade lanzada polos norteamericanos e en concreto polo candidato demócrata á presidencia dos EEUU, senador Gore. Son válidos para unha cultura concreta e unha tradición histórica ainda pouco contrastada. Tamén serían válidos, en parte, para os proxectos e outras culturas. Algúns países latinoamericanos xa elixiron outros camiños, individualmente, e outros, colectivamente, están considerando as vantaxes do modelo europeo. Por exemplo, algúns dos países de Mercosur, onde -fronte ós pesimistas e detractores- empézase a notar que o modelo europeo pode funcionar, *mutatis mutandis*, no complexo Mercosur e quizabes, noutrous países d'a zona. A moeda única, a enerxía en común, é o camiño irrenunciable en teoría política que leva á identidade propia e o pluralismo cultural e informativo, transformado este último en transparencia comunicativa. Porque todo medio de información debe acabar sendo un instrumento de comunicación (de ida e volta). A identidade leva ó respecto da diversidade.

Vexamos, logo, a oferta dialéctica europea, dende a esencia das súas raigames clásicas. A crise da Unión Soviética e a de Iugoslavia puxeron de manifesto os dous meirandes obstáculos á integración europea que nace dende a aspiración supranacional. O vello dilema comunismo-capitalismo subliñou o dilema nacionalismo-supranacionalismo que está no fondo de tódolos proxectos da Unión Europea. Por iso, Europa insiste, dunha e mil maneiras, en superar esta difícil aporia. Europa propón permanentemente atopar formas de convivencia entre os proxectos individual e universal. A necesidade de identidade personal e o reclamo permanente da memoria colectiva e histórica seguen reclamando a idea dunha comunidade supranacional flexible. A guerra, a violencia, a xenofobia, o imperio da identidade nacional baseada na força ou na manipulación tecnolóxica e mediática, non poden desterra-la tolerancia, a democracia, a liberdade, o pluralismo, a diversidade cultural e a solidariedade. Ideas mal chamadas modernas e, en calquera caso, con amplio creto na actualidade, están meta-

forizando ou mitoloxizando a relación que sempre quixerón que existise entre espiritualidade e identidade. Na fase más decisiva desta identificación guerreira e expansiva, Hegel deulle a papá estado toda competencia por enriba do ben e do mal. E posteriormente, tódalas revolucións europeas: secular-burguesas ou liberais-tecnolóxicas encheron de contido romántico, racial, étnico e relixioso tódolos intentos de nacionalismo excluínte. Europa sempre estivo atada nestes procesos de guerra permanente. A Unión Europea, que nace cos tratados da CECAe do EURATOM dos pobos europeos é unha resposta, dende os presupostos clásicos da democracia, dende o pluralismo e dende a tolerancia, a esa aporía constante: *o nacemento dunha entidade superior supranacional flexible*.

Europa, con altibaixos, avances reais e retrocesos ás veces dialécticos, iniciou co Tratado de Roma e os seus pasos integradores posteriores (Maastricht, Amsterdam) a cultura democrática moderna: diversidade cultural, pluralismo informativo e transparencia institucional ou comunicativa. As institucións europeas, malia que apuntan insuficiencias subsanables, vense reducidas, por imperativo das súas diversas constitucións, tratados e normativas comunitarias, a un pequeno núcleo reducido e flexible. O que lles permite maior autoridade e dereitos ás institucións locais e rexionais e, ó tempo, maior autodeterminación pluralista ós cidadáns europeos, encadrados en comunidades diversas: relixiosas, étnicas, ideolóxicas... sempre compatibles coa Constitución Común. É o grande invento do principio europeo de subsidiariedade que tantos conflictos está evitando e continuará evitando no sucesivo. É evidente que se trata, polo tanto, dun modelo distinto do seguido por América do Norte. Polo que a cooperación dialéctica entre a Unión Europea e Latinoamérica debe entroncarse, tamén, en principios culturais transmisibles. A orixinalidade deste modelo dialéctico e cultural-comunicativo, perfectamente asumible polos países latinoamericanos e non só o modelo económico -eficazmente probado xa no Mercosur, cando menos- consiste en recoñece-lo valor supremo do individuo europeo -apoiado polo Parlamento Europeo- que confía na súa constitución europea (tratados, leis, normas e proxectos), non soamente como constitución e poder unificador, senón como potencia descentralizadora e flexible que permita a identidade nacional e o proxecto supranacional da Unión.

Latinoamérica xa mostrou con claridade o seu interese por este proxecto. As voces que piden a reducción dos poderes de papá estado fronte da imposibilidade de que siga exercendo de benefactor e protector total (globalización, entre outros do poder de informar e de ser informado) multiplicáronse e, como exemplo institucional, xa apuntámo-lo Mercosur. Tamén existen outros factores que están favorecendo, en América Latina, o gusto polo método e o proceso da Unión Europea:

- A pluriculturalidade e os seus novos factores culturais para o desenvolvemento cualitativo, incorporada a nova metodoloxía educomunicativa.
- Fortalecemento da xestión local nos novos marcos legais, a partir de modelos indicativos, elaborados no contexto dos Consellos Intergobernamentais da UNESCO, como por exemplo as novas leis de participación na elección e xestión de autoridades locais.
- Xestión participativa para o desenvolvemento empresarial. Unha metodoloxía de participación que promove a xestión participativa e ten por obxecto o desenvolvemento empresarial das organizacións de pequenos produtores rurais e/ou urbanos e a melloría da calidade de vida das súas familias... onde os cidadáns buscan intereses colectivos para desempeñaren o seu papel social e cultural específico, con responsabilidade na decisión participada.
- Graficamente e, mesmo dramaticamente, expresaba este desexo o profesor de diversidade latinoamericana, Jesús Martín Barbero, no seu texto de "Conversas sobre a Comunicación": "nestes momentos xa non podemos deixar de recoñecer que estamos inseridos no mercado mundial. O xeito en como fomos incluídos-excluídos na nosa peculiaridade, é a maneira na cal historicamente se prodúciron as nosas políticas e as nosas institucións. Non podemos xa refuxiarnos nun lugar que non fose tocado ou penetrado. Aínda que nos pese e nos dea caraxe, estamos neste espacio mundial (e deste xeito) e iso conforma xa parte do noso ser e do noso facer. O problema xa non é dicir se nos integramos ou non, senón cómo facemos para integrámonos dun xeito que non nos destrúa, pero que si nos transforme.

Este interese latinoamericano foille repetidamente formulado ás autoridades comunitarias da Unión Europea. Esta preferencia operativa e proxeactiva dos factores cualitativos do método europeo de xestión institucional e modelo flexible de supranacionalidade-identidade cultural plural, plasmouse de xeito global, ademais de parcial, en América Latina.

Os Cumios Iberoamericanos, cunha sede permanente que vén de abrirse en Madrid para dar eficacia e continuidade ás propostas e proxectos elaborados nas súas reunións, repetiron de maneira unánime e decidida os camiños elixidos polos 21 países membros da nomeada organización, o foro maior e con máis futuro de Latinoamérica. Os ditos camiños asumen en parte a metodoloxía e, sobre todo, os obxectivos democráticos deseñados na Unión Europea. Dous exemplos poden resumir este proxecto común que foi madurando ó longo de catro anos: os

Cumios Iberoamericanos de San Carlos de Bariloche, Arxentina, e da Habana, Cuba. De 1995 a 1999.

En Bariloche, o V Cumio Iberoamericano propón aberta e decididamente a educación como motor do desenvolvemento. Nestes momentos, outubro de 1995, os representantes máximos dos 21 países membros do Cumio Iberoamericano son conscientes de que os seus pobos enfróntanse a varios desafíos, que van caracteriza-lo século XXI:

- Promoción e consolidación dun desenvolvemento económico e social sostido e sostible.
- Afondamento e ampliación dos procesos de integración no marco do rexionalismo aberto.
- Inserción nun mundo en fonda transformación, principalmente por mor da revolución científica, tecnolóxica e productiva.

Iniciada a sospeita do benestar da sociedade tecnolóxica e globalizada da información preténdese afondar nunha metodoloxía conxunta de corrección do sistema cara a unha sociedade do coñecemento, onde o saber e o saber facer van marca-las diferencias no desenvolvemento dos individuos e dos pobos. Neste contexto, os 21 estados membros atopan na educación o medio e instrumento principal para afrontaren con éxito os retos anunciados. O acceso plural e libre ós valores, saberes e competencias que ofrece o sistema educativo, representa o elemento imprescindible que garante a continuidade e permanencia das institucións democráticas, a participación política, económica, social e cultural, en particular para os grupos más desposuídos. Convencidos de que investir en bens educativos é investir en desenvolvemento sostible e sostido, os participantes do V Cumio Iberoamericano de Arxentina manteñen, como reto fundamental da Organización, a necesidade de alcanzar niveis de excelencia nunha acción educativa *integral, adaptada a un medio tecnolóxico dinámico*. Por iso conciben a educación como unha responsabilidade do conxunto da sociedade, na que participen o sistema educativo institucional e o conxunto de actores económicos e sociais, os medios de comunicación e a armazón productiva da sociedade civil. Para isto, a comunidade iberoamericana dispón dunha base de comunicación, específica e notable, froito da existencia de linguas comúns e proximidades culturais e educativas, labradas ó longo de moitos séculos de historia compartida. Neste contexto e por esa facilidade de comunicación, é notoria a actualidade da proposta dun espacio común da información-comunicativa elaborada a partir dos textos do Tratado de Amsterdam, que se examinarán máis adiante, como base dunha cooperación dialéctica e proxeactiva entre a Unión Europea e Latinoamericana.

Na Habana, o IX Cumio Iberoamericano culmina un deseño para o desenvolvemento, respondendo ós retos da globalización, especialmente

económica, polo que o título desa cita de Cuba resumiuse así “Iberoamérica e a situación financeira internacional nunha economía globalizada”. Os 21 estados membros alertan dos perigos da globalización para o desenvolvemento da cultura latinoamericana, aínda que contribuirá a difundi-la diversidade cultural en diferentes nacións. Coincidén en que os esforzos por incrementa-los niveis de benestar dos pobos latinoamericanos, no contexto da globalización, veranse incrementados na medida na que os países iberoamericanos logren captar e desenvolver adecuadamente os progresos tecnolóxicos e poidan facilita-la capacitación de recursos humanos, para a que “a cumbre considera de especial relevo a colaboración e cooperación entre os nosos países e os organismos internacionais”. Para iso, os países iberoamericanos contan cun patrimonio histórico e unha identidade cultural común. Por iso, na Habana, en novembro de 1999, reafírmase o papel central dos Estados na adopción de políticas activas co obxectivo de fomenta-lo desenvolvemento humano e a equidade, preserva-la identidade e a cultura dos seus pobos; dar prioridade ás políticas de educación, saúde pública e conservación do medio natural e elimina-la desigualdade e a exclusión social alí onde estas se presenten. Para, finalmente, destaca-la importancia das institucións e organizacións rexionais e subrexionais, mediante un funcionamento democrático, plural e transparente, para afronta-los riscos de meirandes desequilibrios (froito da globalización) na economía mundial e contribuír á súa estabilidada.

3. Pluralismo e transparencia informativa: espacio común da cooperación dialéctica entre a Unión Europea e Latinoamérica.

O Tratado de Amsterdam, que alentou definitivamente a Unión Económica Europea, coa moeda única e que resultou insuficiente para a ampliación e a reforma institucional, tamén avanzou na construción dun espacio común da información e da comunicación en Europa. Para culmina-los logros da Unión Europea, moeda única, unión política, política exterior e seguridade común; para cubrir e compoñe-los buracos en reforma institucional e ampliación, toda Unión precisa dunhas políticas de información e comunicación propias, que propicien unha opinión pública favorable. O conseguido e o pendente nunha organización supranacional flexible non pode chegar a ser operativa se non se potencian equilibradamente sectores da vida social e cultural mediante políticas informativas e comunicativas comúns. Líderes europeos de tódolos tempos formularon, de moitas maneiras, este punto de partida para manteren informados ós cidadáns para que participen no proxecto común e como base de encontro entre políticas nacionais e comunitarias, en institucións e proxectos supranacionais. As decisións e recomendacións que van cons-

truindo a unidade e a integración de Europa non terán valor, nin consistencia, nin continuidade se os cidadáns non comprenden e asumen e desenvolven os obxectivos da nomeada unión, da dita integración e das reformas necesarias de xeito constante.

Esa comprensión e tolerancia conséguese, entre outras cousas, por medio dunha clara, eficaz, plural, persuasiva e veraz información comunitaria. É a base da construcción europea concibida como unha empresa de comunicación, é dicir, de transmisión que se acada con esa transparencia informativa, concibida así como un sistema de opinións e decisiones que fundamenta a cidadanía europea.

A información, segundo o espírito e a letra do Tratado de Amsterdam, precísase como un espacio europeo plural, transparente e veraz. A información pode ser considerada como producto, como recurso ou como proceso. Como producto é hoxe en día o primeiro no consumo mundial. Aceptado como principio claro, a Unión Europea atende ós seus cidadáns baixo esta regra. O Preámbulo do Tratado da Comunidade Europea (TCE) determinaba xa, entre outras cousas, atender á "mellora constante das condicións de vida e emprego dos pobos. E o artigo 2 mantén como obxectivo prioritario "promover unha elevación acelerada do nivel de vida dos Estados membros" e, por suposto, dos cidadáns, corazón e alma dos Estados. Xa o Cumio de xefes de estado e de goberno do ano 1972, que tivo lugar en París, expresaba nun comunicado final que "a expansión económica non é un fin en si mesmo e debe traducirse nunha mellora da calidade de vida. Como recurso é tamén hoxe o recurso máis rendible para o desenvolvemento dos pobos. No informe "Europa e a sociedade global da información" propónense reflexións básicas neste sentido. As aplicacións prioritarias que se desprenden da consideración de que a información sexa recurso de integración e desenvolvemento xustifican que a UE traballe en campos específicos, como: teletraballo, educación a distancia, redes universitarias, servicios telemáticos para pequenas e medianas empresas, redes de asistencia sanitaria, centros de documentación, autoestradas da información, bases e bancos e datos, programas informativos como Media, Sócrates, I+D, etc., rede transeuropea de administracións públicas, políticas de comunicación (Informe Pex, Parlamento Europeo), descentralización informativa contra a concentración de medios, Te-levisión sen Fronteiras, etc.

Ante todo, a información ten que ser veraz. É dicir, non pode ser engañosa. Para o cal é necesario que a referencia informativa sexa a verdade e non a obxectividade. Ó ataca-la publicidade engañosa, o novo texto constitucional europeo está a marcar esa liña veraz que ten que amosar todos os documentos e programas da UE. Xunto con esta proxección, márcase tamén a idea de que todos os textos da Unión deben tentar responder

dende agora á regra da claridade. Veracidade e transparencia. Esta nova característica do espacio europeo da información e da comunicación nace da aceptación en Amsterdam de que os cidadáns europeos poidan acceder libremente a todos os textos xerados pola Unión Europea. A información ten que ser veraz e transparente, e ademais plural, para asignarlle o auténtico significado ó espacio europeo da comunicación, que é o resultado da información como proceso entre dous suxeitos: emisor e receptor, entre as institucións europeas e os cidadáns europeos. Un proceso de ida e volta.

O pluralismo no espacio europeo da información nace como un recurso dialéctico ante o desenvolvemento crecente dos grupos de poder, que se configuran como espacios de concentración de medios comunicativos. Pero o pluralismo tamén supón a diferencia e a multiplicidade de fontes e de opcións persoais para os propios cidadáns da Unión Europea, nas súas crenzas e nos seus principios aplicados como comportamentos, dentro dos principios constitutivos da supranacionalidade flexible mínima esixible. O Libro Verde sobre concentración e pluralismo, así como a Normativa sobre a Televisión sen Fronteiras, son as primeiras pistas. Pero as novas bases legais, nesta parte de pluralismo, proporcionanllas os artigos 8 e 128 do tratado da CE que proclama explicitamente, no seu novo punto 4, a diversidade da cultura europea. E o protocolo n.º 9 do Tratado de Ámsterdam proclama o pluralismo como estructuras básicas das políticas de información e comunicación. Transparencia, veracidade e pluralismo representan un modelo para fomentar e desenvolver unha cooperación dialéctica, obxecto do noso traballo, entre a Unión Europea e Latinoamérica. Neste sentido, non podemos deixar de subliña-la liña marcada por Ámsterdam para promover este espacio europeo, que provoca unha dinámica, cada día más intensa, a favor das propostas de creación de emprego no sector da información e da comunicación. Hai que referirse, nestes momentos, ós novos artigos F e F1, cos que o Tratado de Ámsterdam reforza o dereito á información e á comunicación, na vía da Declaración n.º 17 da Acta Final de Maastricht sobre a liberdade de prensa e expresión nouros medios. Pero tamén aparecen pegadas xenerosas nos novos textos sobre o emprego, ó máximo nivel, no contexto dunha política económica e social progresiva, sostible e equilibrada. O Consello da UE determina que a Comisión desenvolverá análises e iniciativas en materia de competitividade, en particular no sector da información e da comunicación, promovendo propostas concretas de creación de emprego nese sector, para o cal sería preciso, segundo unha interpretación personal do autor deste traballo, establecer cales son as profesións da información e da comunicación, debate, foro, ou congreso que se apunta como necesario dentro da unión e das súas institucións, a máximo nivel. En calquera caso, convén consulta-la Comunicación da Comisión do 23 de xullo de

1997 sobre dimensión social e mercado de traballo na sociedade da información, e eu diría na sociedade da comunicación e do coñecemento.

Aclarados, en canto á súa interpretación máis dinámica e proxectiva, os presupostos dialécticos para unha seria e profunda cooperación entre a Unión Europea e Latinoamérica, acordamos que habería que traballar en programas educomunicativos para o desenvolvemento, convencidos de que investir en educación é un gasto rendible que reverte no desenvolvemento social e político. A diversidade informativo-comunicativa está baseada na diversidade cultural dos pobos das dúas beiras. E esta diversidade cualitativa é o mellor xeito de establece-los límites da globalización cuantitativa e totalizadora. A información e a cultura teñen que promove-la igualdade de acceso a ámbalas dúas para superármolo-las desigualdades más radicais, sociais e políticas. Neste terreo, existe un vínculo intrínseco entre ciencia, tecnoloxía e sociedade. O saber facer cultural e informativo-comunicativo (saber transmiti-los coñecementos e a cultura) ten que prepara-los cidadáns para desempeñaren un papel concreto nunhas sociedades concretas e actuais, é dicir, estes novos coñecementos e tecnoloxías educomunicativas teñen que ter como obxectivo prioritario preparar profesionais para o desenvolvemento e a paz. Estes programas educomunicativos deben comprometer a tódolos actores sociais.

4. Perspectivas na cooperación EU-América Latina

Malia que áinda teñamos que cualificar, globalmente, de cuantitativa e comercial -numérica- a cooperación, investimento, axuda, intercambios da Unión Europea con Latinamérica, a tendencia que vai marcando Europa é decididamente selectiva, valorativa e más cualitativa de cada vez. Esta tendencia, en calquera caso, vén marcada polas reiteradas peticóns dos países americanos en desenvolvemento, especialmente, nesta liña de mellora-la calidade de vida, estructuras, programas e proxectos.

A axuda financeira e técnica da Unión Europea, programada para este ano 2000 e os seguintes, ten o seu fundamento xurídico no artigo 308 do Tratado CE para os acordos de cooperación, superando claramente os artigos 37 (pesca) e 133 e 300 (relacións comerciais). As políticas actuais comunitarias de cooperación van encamiñadas, de xeito primordial, a melloras das condicións de vida, especialmente nas zonas rurais. Os instrumentos ou medidas aplicadas para conseguir estes obxectivos das políticas de cooperación comunitarias son, entre outros, o financiamento de proxectos e programas de acción; fomento da cooperación económica; defensa dos dereitos humanos; apoio ós procesos de democratización e descentralización, especialmente rexionais; fomento de administracións eficaces, xustas e plurais; protección do medio natural; liberalización do comercio; pro-

gramas e proxectos para o desenvolvemento educomunicativo orientados, de xeito singular, a unha integración rexional e subrexional entre países en desenvolvemento; fomento de pequenas empresas e animación de tódalas sociedades cara a un diálogo intercultural, sendo o desenvolvemento das telecomunicacións e os investimentos en novas tecnoloxías un dos alicerces deste obxectivo. O Banco Europeo de Investimentos canaliza moitos destes fondos de cooperación.

En resumo, serían catro os obxectivos que poderán marcarse para os países da Unión Europea, na súa política de cooperación dialéctica e progresiva con América Latina para o inicio deste século XXI:

- Reafirmar e desenvolve-los vínculos políticos.
- Reforza-las relacións económicas e comerciais.
- Favorece-la integración rural con programas educomunicativos para o desenvolvemento.
- Favorece-la evolución democrática, o progreso económico-social e a identidade e pluralismo cultural-comunicativo.

Aínda que, como dicimos nun principio, a cooperación dialéctica entre a Unión Europea e Latinoamérica non alcanzou o nivel ou punto adecuado, pódese dicir que América Latina ten como principal provedor de axuda pública para o desenvolvemento a UE. E para potenciar esta afirmación semella oportuna a referencia a varios programas da Unión Europea. O primeiro de todos eles é ALFA, para a cooperación universitaria, que nos parece un dos proxectos máis axeitados e proxectivos para América Latina, en concreto, o mesmo que para os demais países. Estas redes de coñecemento están marcando un cambio cualitativo no proxecto de cooperación internacional. Estamos pasando, ós poucos, pero sen detérmonos, da sociedade global tecnolóxica da información, á sociedade de plural e humana da comunicación e do coñecemento. Neste punto permítome suxerir unha idea: o mesmo que en varios países americanos existen universidades de Nacións Unidas, a meirande parte delas coa denominación "Universidade para a Paz", poderíamo-los europeos establecer centros de ensino superior nesa rexión americana, marcando os mesmos obxectivos para esas institucións do saber e do saber facer que ten programados e por programar a Unión Europea. Convén citar outros dous programas eficaces para alcanza-los obxectivos marcados na UE para a cooperación con Latinoamérica: AL-INVEST, para a cooperación entre empresas e ALURE, para a cooperación en materia de enerxía.

Quédanos, con este diagnóstico, agarda-los pasos dun novo pronóstico. Nesta liña final habería que resumir significativamente os propósitos da Unión Europea e para isto eliximos dous exemplos proxectivos que

van acapara-los esforzos de todo tipo de tódalas institucións europeas e, esperemos, dos cidadáns da Unión, cando menos: As negociacións comerciais iniciadas na ronda Seattle e a Reforma dos Tratados da UE.

Os 135 países que participaron na tormentosa e ruidosa reunión de Seattle non chegaron a un acordo inicial, nin sequera a un punto de partida común que lles permitise certas garantías na continuación das negociacións de Xenebra, nese pacto mundial para o comercio globalizado, cunha andaina que comezou hai xa tempo na chamada Ronda de Uruguai. E non se chegou a acordo ningún, entre outras cousas, pola postura firme dos países da UE para que calquera acordo mundial sobre o comercio respectara a diversidade cultural,arma dialéctica poderosa para corrixi-los aspectos e finalidades más rudos das formulacións para a globalización. Respectar, así mesmo, o medio, manter unha agricultura de calidade, con preservación do espacio rural con calidade ambiental -pero non só falando de agricultura en Xenebra, senón tamén de dereitos laborais, traballo para todos e, especialmente para os mozos, incluído o sector da información e da comunicación, tamén de investimentos directos para respecta-los equilibrios, tamén do respecto e dereitos dos consumidores, etc.-.

Finalmente convén estar pendentes da reforma dos Tratados da Unión, que se inicia coa convocatoria dunha nova CIG (conferencia inter-governamental) cuns obxectivos prioritarios que parecen se-la ampliación da Unión a 25 ou 30 estados, o que supón unha reforma institucional en profundidade da UE e, en menor ton, pero non menos importante, a reducción de tódolos Tratados a un só, claro e comprensible para tódolos cidadáns implicados no seu cumprimento, ata o de agora ámbolos dous incipientes -comprensión e execución-.

O importante xa deste novo procedemento é o novo papel reservado ó Parlamento Europeo, foro de tódolos cidadáns da Unión e non só das institucións e líderes comunitarios. Na sesión plenaria de novembro de 1999, os eurodiputados estimaron que o Parlamento Europeo, xunto coa Comisión e co Consello, debería participar plenamente en tódalas fases e a tódolos niveis, na Conferencia Intergovernamental, por medio de dous representantes elixidos polo propio parlamento Europeo. Mais alá do dato, este feito fornecería a lexitimidade democrática, servindo mellor os intereses dos cidadáns da Unión e faría máis sólido o procedemento de toma de decisións comunitario, repartimento de competencias, contribuíndo, finalmente, a unha mellor e máis sólida definición das políticas comunitarias. Este proceso debería rematar na elaboración dunha Carta dos Dereitos Fundamentais, onde, ademais do recoñecemento do dereito da información, debería recoñecerse o dereito á comunicación, o que suporía devolverlle o dereito de iniciativa no proceso de construcción europea ós seus lexítimos posuídores: os cidadáns europeos.

GRANDES GRUPOS DE COMUNICACIÓN E DIVERSIDADE CULTURAL

Ramón Reig

1. Introducción. Algo sobre o contexto: mundialización/globalización

O tratamento do tema do enunciado exixe en primeiro lugar trazar unhas breves consideracións sobre o proceso globalizador ou de mundialización, concepto, este último, preferido por Mattelart (1998) xa que defende que mundialización é palabra latina mentres que globalización é un "anglosaxonismo" (comiñas nosas). Este proceso non é máis ca un estadio natural de evolución na especie humana como consecuencia dos avances tecnolóxicos. Un proceso que engade complexidade á historia da humanidade pero que, por si mesmo, non é positivo nin negativo: a súa cualificación outórgaselle ó propio ser humano en función de cómo administre o acontecemento. Nese sentido, como di Manuel Castells (1999), e dado o panorama de desigualdades que se observa áinda, "non hai que cambia-la tecnoloxía, hai que cambia-la sociedade".

A globalización informativa é un aspecto esencial da globalización económica, que pode estudiarse de forma autónoma sen esquecer nunca o contexto no que está mergullada. De feito, moitas noticias que publican os xornais sobre este tema da globalización informativa aparecen nos diarios económicos ou nas páxinas de economía dos de información xeral.

Dentro do contexto de globalización económica, como indica Manuel Delgado Cabeza (1998:18-19): "os grandes grupos multimedia -os novos amos do mundo- entraron nunha dinámica de alianzas, fusións, absorcións e concentracións, tratando de tomar posicións no dominio dunha "infraestructura da información global". Na súa estratexia tratan de dominar toda a cadea do proceso ata chegaren á difusión e relación cos usuarios da comunicación, agora mercadoría xerada a grande escala por medios cada vez máis condicionados na calidade dos seus produtos e na súa independencia, como consecuencia da súa imbricación en grandes redes empresariais e da súa suxección ás leis do mercado".

Para o citado Armand Mattelart (1998:82-83), "a globalización consiste, en primeiro lugar, nun modelo de xestión da empresa que, como resposta á crecente complexidade do contorno competitivo, leva a cabo a creación e fomento de competencias a escala mundial, co fin de maximizar-los seus beneficios e consolida-las súas cotas de mercado (...). Unha empresa global é unha estructura orgánica na que cada parte debe servir á totalidade".